

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN INGADA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS NO ANO 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DE INSTRUMENTO CONVENCIONAL E XUSTIFICACIÓN DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA.

A Consellería de Política Social e Igualdade formaliza xunto co Instituto Galego do Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade e Trastornos Asociados (INGADA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2024. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

O instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e INGADA no desenvolvemento dun proxecto de asesoramento ás familias de membros con TDAH e trastornos asociados que ten como finalidade que estas poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social para o que se artellarán programas de carácter preventivo que contribúan a modificación de condutas non desexadas e a adquisición de pautas saudables para a dinámica familiar.

A través desta colaboración, a Consellería de Política Social e Igualdade pretende orientar e asesorar a pais/nais dos nenos/as sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen os seus fillos/as, elaborar pautas de actuación e programas de apoio ás familias e derivar aqueles casos que por calquera motivo excedan á competencia das labores do instituto a quen e onde proceda.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social e Igualdade ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a súa estrutura orgánica.

A Fundación INGADA é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política



Social e Igualdade co número E- 6204 e ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividades (TDAH) e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto do programa subvencionado e a focalización deste no eido familiar, resulta imposible promover a concorrência para a esta subvención, pois esta entidade é a única entidade que desenvolve unha actividade deste tipo que pon o foco na realidade das familias que sofren a doenza dun dos seus fillos/as e, polo tanto, a concesión directa da subvención é a canle máis idónea para que a consellería os seus fins neste particular eido. Deste xeito, o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos establecidos nos artigos 2 e 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, segundo establece este último artigo, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

